

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 5 de maio de 2010, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATAÇÃO DA SUBMINISTRACIÓN, DE MATERIAL DEPORTIVO ÓS PARTICIPANTES NA CARREIRA “CORRE CON NÓS” 2010, MEDIANTE A ENTREGA DE VALES.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: a subministración ós participantes premiados pola asistencia en a lo menos seis das oito carreiras programadas do “Corre con Nós” de material deportivo mediante a entrega por parte dos premiados á/ás empresas adxudicataria/s dos correspondentes vales por valor de 40 euros IVE incluído no caso dos rapaces e rapazas nados no ano 1994 e posteriores e de 30 euros IVE incluído no caso dos adultos.

O Concello de Lugo aboará a/as empresas adxudicataria/s o importe do vale co desconto que resulte, se é o caso da adxudicación deste contrato e que como mínimo será do 50% (20 euros no caso de vales escolares e 15 euros para vales de adultos)

b) Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de UN ANO prorrogable por períodos anuais dende a data de formalización do contrato administrativo.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimento: aberto

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Ref: sumin vales corre con nós 2010

Asunto: anunc licitación

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato: O prezo do contrato para os dous lotes e para a primeira anualidade é de 22.750 euros distribuídos do seguinte xeito:

LOTE 1: material deportivo para escolares (650 vales): 13.000 euros IVE (16%) incluído.

LOTE 2: material deportivo para adultos (650 vales): 9.750 euros IVE (16 %) incluído.

5. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-73-01, 29-71-86.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servicios: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Ref: sumin vales corre con nós 2010

Asunto: anunc licitación

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 152,36 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 12 de maio de 2010

O ALCALDE,

P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA

(Decreto Alcaldía nº 75/2007)

Asdo.: Sonia Méndez Garcia